

G.J. WARNOCK E A FILOSOFIA MORAL CONTEMPORANEA

M.X. Agra Romero

No ámbito da Filosofía Moral anglosaxona o pensamento de G.J. Warnock destaca pola súa actitude crítica cara aqueles postulados que viñan sendo comúns a denominada visión analítica da ética, é dicir, a corrente da “análise da linguaxe moral”, cuxo punto de partida sitúase no 1903, data da publicación dos *Principia Ethica* de G.E. Moore, e que abrangue fundamentalmente ao intuicionismo, emotivismo e máis prescriptivismo.

Os postulados sostidos por este sector da filosofía moral, anque cás variacións propias de cada corrente e autor, pódense resumir esquemáticamente nos seguintes puntos:

En primeiro termo, a moralidade non se pode fundamentar empíricamente. A partir de Moore todos os filósofos da moral preocupáronse por non incurriren na denominada *falacia naturista*: é falaz todo intento de definir “bo” —good— (propiedade non-natural), en termos de propiedades naturais, posición que manteñen Moore e có que coinciden os intuicionistas H.A. Prichard e máis D. Ross. Prao emotivismo non será posíbel o paso dun xuício de feitos a un xuício de valor. Prao prescriptivismo de R.W.Hare non é lícito o paso dunha linguaxe informativa a unha linguaxe valorativa.

En segundo termo, non é posíbel falar de racionalidade no eido moral, opinión sostida sobre todo polos emotivistas para quen o distintivo do discurso moral é o emotivo. O método racional non é válido pra ética.

I, en terceiro lugar, afirmábase que non hai “feitos morais”, logo tampouco é posíbel o coñecemento moral, e postúlase o “non-cognoscitivismo”.

Achámonos, xa que logo, perante a negación da posibilidade dunha ética empírica e racional e por eso desplázase o eido de estudo á “análise da linguaxe

moral”, cun decidido afán de neutralidade fronte aos sistemas éticos concretos, rexeitando todo estudo de ética normativa: daí ca filosofía moral vexa reducido o seu ámbito de estudo aos lindes da máis pura *metaética*.

O filósofo da moral queda confinado no reino da formal e neutral análise das expresións moráis. Chegados a este punto parece que pouco máis se pode decir; nembargantes, a partirés da década dos sesenta estes supostos escomenzan a seren revisados.

Nas obras de Hare e máis Nowell-Smith, a pesares de seguirense manténdo nas teses antinaturistas, empézase xa a se valorar o papel da racionalidade. A corrente das “boas razóns” (1) afirma que hai “razóns moráis” e plantéxase tamén a necesidade de fundamentar empíricamente a ética.

Cabe tamén sinalar o pensamento de H. Albert (2) que defende unha ética baseada nas necesidades, desexos e intereses humanos, do mesmo xeito que Baier e Warnock, e concede grande importancia á racionalidade.

E neste senso no que a obra de Warnock salienta, é decir, o seu pensamento ten un grande interés para examinar a situación da filosofía moral anglosaxona contemporánea, en canto que supón a concreción do cambio que se viña a realizare respecto á estricte análise da linguaxe moral a que fora reducida a filosofía moral.

Na súa crítica Warnock vai rexeitar as grandes correntes da filosofía moral: intuicionismo, emotivismo e máis prescriptivismo, por consideralas erróneas e valdeiras, pois non teñen en conta a natureza e fundamentación dos xuícios moráis, quedándose na mera análise de conceptos (3).

A tese que o noso autor mantén é que non hai un “uso” distintivo da linguaxe moral. Apoiándose na coñecida distinción de Austin entre actos lingüísticos perlocucionarios, ilocucionarios e locucionarios (4), afirma que hai unha diversidade de actos lingüísticos e que o que realmente é distintivo do discurso moral son as

1. Nesta corrente da “good reasons approach” atópanse S. Toulmin e máis K. Baier como pensadores máis representativos cás obras *El puesto de la Razón en la ética*, do primeiro, e *The Moral Point of View*, do segundo.

2. Véxase H. Albert, *Ética y Metaética*, Valencia, Cuadernos Teorema, 1978.

3. Esta revisión lévaa a cabo Warnock na súa obra *Contemporary Moral Philosophy*, London, Macmillan, 1967.

4. Un acto locucionario é o acto de decir algo. O que facemos ao decir algo é un acto ilocucionario. O que se conquire mediante dito acto é un acto perlocucionario. Véase J.L. Austin, *Palabras y Acciones*, Buenos Aires, Paidós, 1971.

locucións, o contido. Daí que manteña que estudar a linguaxe da moral é estudar a linguaxe non a moralidade.

O abandono do análise da linguaxe moral levóu ao noso autor a preocupárese polo contido da moralidade. Atopámonos agora cá vella cuestión do naturismo, cuestión que solventa criticando a confusión con que foi formulada a falacia naturista. Pensa, ademáis, que non está craro que o valorativo e máis o descriptivo, o fáctico e máis o normativo sexan algo independente, en canto que, na súa opinión, os xuícios moráis non están baseados en “feitos puros”, senón en xuícios de valor non moráis. Mais, na última instancia, o dirimire esta cuestión, se é posíbel o paso do “é” ao “debe”, non é tarefa da filosofía moral senón máis ben da lóxica.

Como consecuencia desta crítica atopámonos có plantexamento da necesidade dunha ética empírica e racional, cuio intento de concreción vai realizar na súa obra *The Object of Morality*, publicada no 1971, anque a xuício dalgúns dos seus críticos, e como eiquí veremos, non tan exitósamente como auguraban as líneas marcadas na súa obra anterior.

Warnock opta por unha concepción da moralidade no senso estrito ou restrinxido, posición que tamén comparte K. Baier. Para él existe un “ponto de vista moral” distinto e independente doutros puntos de vista. Isto é, as consideracións moráis son unhas consideracións máis antre outras e non necesariamente as máis importantes. Agora ben, se nos situamos no punto de vista moral temos de ademetirmos certos criterios de valoración, criterios que estamos na obriga de aceptar se queremos ver as cousas dende o punto de vista moral.

É máis, o “ponto de vista moral” caracterízase pola súa constancia a traveso dos cambios; pódense daren diversos degraus de desenrolo déste nas distintas sociedades, pro esta forma especial de valoración non cambia.

Esta particular cras de valoración consiste na valoración das accións dos seres racionáis, sendo a racionalidade condición necesaria e suficiente prá valoración moral. E, coma toda valoración ten un obxectivo, a concepción do noso autor encol da moralidade vai xirar en torno ao seu fin ou obxecto, definindo a moralidade polo seu fin:

“O obxectivo xeral da valoración moral debe ser contribuir nalgúns aspectos, mediante as accións dos seres racionáis, ao milloramento da condición humán (“Human Predicament”), é decir, das condicións nas que estes seres racionáis, humans, se atopan realmente” (5).

5. G.J. Warnock, *The object of Morality*, London, Methuen & CO., 1976, páx. 16.

A condición humana ten de ser mellorada xa que é inherente a ela que as cousas vaian mal, mal no senso xeral e non sómente moral. Isto débese á nosa precaria condición, dándose en nós unha serie de limitacións inherentes, a saber, limitacións de recursos, intelixencia, información, e, sobor de todo, as dúas limitacións máis importantes que fan que as cousas vaian mal: a “limitación de racionalidade” e máis a “limitación de *Sympatheia*”, sendo esta última a que máis dana ao home. É a tendencia a estar máis interesados na satisfacción dos nosos propios intereses, desexos, necesidades, etc., que nas dos demáis.

A racionalidade, a intelixencia, os recursos, o coñecemento, tanto poden facer ben como facer dano, xa que están a dependeren de cómo se utilizan; isto é, están a dependeren do desenrolo das nosas “simpatías”. A pesares desta prioridade Warnock recoñece que na práctica é difícil afastar a “limitación de simpatías” da “limitación de racionalidade”: ambas son fundamentais e xeralmente van xunguidas.

O panorama que o autor nos amosa é dabondo desolador e semellante ao hobbesián, máis nel cabe a posibilidade de facer algo: a saída que nos pode conducir a unha mellora de tal situación, suxire, é a moralidade, daí que o seu obxecto sexa “contribuir ao melloramento ou non deterioro da condición humana” e a súa misión específica evitar e remediar o maior mal do home, e pra elo debe potenciar a “ampliación das simpatías”.

Warnock ve eisí as deficiencias da condición humana:

“Suxerimos que, no contexto xeral da condición humana, hai (polo menos) catro tipos de propensidades distinguibelmente daninas, ou non mellorativas, que tenden naturalmente a emanar directamente da “limitación de simpatías”: as de maleficencia, non beneficencia, inxusticia (“unfairness”) e engano (“deception”)” (6).

Estes son os males que hai que remediar e para elo propón catro *desiderata*: coñecemento, orgaización, coerción e “boas disposicións”.

As “boas disposicións” son as virtudes ou principios moráis; son os meios necesarios pra acadar o pretendido fin da moralidade e consisten en: non-maleficencia, benevolencia, equidade (fairness) e non-decepción. Estas boas disposicións son principios básicos e independentes que poden entrar en conflito. En cada caso concreto, segundo as razóns que teñamos, estimaremos qué principio é o preponderante, ou ben podemos atoparnos cun caso de conflito de principios ou perplexidade.

6. Warnock, *op. cit.*, páx. 85.

A moralidade, xa que logo, non está rexida por un único principio, opoñéndose deste xeito ao utilitarismo simple, nen é concebida coma un sistema de regras, tal coma postula o utilitarismo da regra. O importante no eido da moralidade son as “razóns” que temos para xuzgar, haxa ou non regras que o proscriban ou prescriban. Decidimos, xuzgamos, etc., porque recoñecemos certo tipo de razóns en cada circunstancia particular.

Estas razóns que podemos aducir a prol ou en contra dun determinado curso de acción teñen un límite lóxico, constituído polas necesidades, desexos e máis intereses dos individuos, nos que se fundamenta a moralidade. Polo tanto, non somos ceibes para elexir os criterior moráis (7); pártese, pola contra, de que antre os individuos hai certo consenso encol do que é bon e o que é malo, hai unhas conviccións comúns á maioría dos homes (8).

Por esto é polo que Warnock afirma que é irracional todo aquel que non recoñece que unha razón é unha razón moral, o cal non quer decir que as razóns moráis débanse considerare como as preponderantes ou as máis importantes. Pódese rexeitar a moralidade sen ser por elo irracional, frente a Kant, que se manifestaba a favor da contra. Dende esta perspectiva analiza o noso autor as posíbeis formas de rexeitamento da moralidade sen merma da racionalidade: eisí examina a posición de Nietzsche, Marx e Freud, que anque ao seu xuicio manteñen creencias equivocadas, caen dentro do eido da racionalidade.

Polo tanto, prao noso autor, racionalmente cabe a posibilidade de rexeitar a moralidade, se ben coida que é máis eficaz outra cras de racionalidade, a moral, no tanto que é evidente que ao menos algunha xente síntese afectada pola condición dos demáis, e por elo quer que as cousas se milloren. Logo:

“É posíbel para unha persoa querer ser moral; e unha persoa é moral, de maneira xeral, exactamente na proporción que él realmente quer ser eisí. Podemos entón decir que do mesmo xeito que a necesidade da moralidade, a súa peculiaridade, deriva de feitos moi xeráis encol dos seres humanos e máis a súa condición, eisí tamen é un feito encol dos seres humanos que eles son capaces de moralidade; a doencia e máis o seu remedio, por eisí decilo, teñen unha orixe común. Pro a esencia do remedio non está na razón, está na non-indiferencia. A razón nos asuntos humanos é unha pranta de precario, variabel, sempre limitado crecemento; tamén o é a non-indiferencia. I esto é polo que a conciencia moral, adoptando termos de Buttler, a pesares da súa

7. Neste senso oponse tallantemente a Hare, quen mantén que o home é ceibe pra elexir os seus criterios moráis. Isto para Warnock non é unha posición racional xa que para él a elección individual ten límites.

8. Desta mesma opinión é PhFoot, á que sóese encadrare dentro do Descriptivismo xunto a Warnock. Véxase “Creencias Morales” en *Teorías sobre la Etica*, Madrid, F.C.E. 1974.

grande “autoridade” é de variábel e limitado poder, e, como vemos que eisí é nefeuo, non “goberna o mundo” ” (9).

Atopámonos, noustante, perante dunha actitude cargada de certo pesimismo respecto da eficacia moral da razón, tras do optimismo inicial, que anque na súa exposición non lle leva a negar a posibilidade de que a moralidade remedie os males inherentes á condición humán, nembargantes abre unha vía ao sentimento ao dar primacía á non—indiferencia e non á razón. En última instancia a moralidade é posíbel gracias á non—indiferencia.

Os antecedentes históricos do pensamento de Warnock atopámoslos no Protágoras de Platón, en Hobbes e máis en Hume (10). Estes autores comparten unha concepción semellante da condición humán e máis dos males a ela inherentes, e por elo é que pensan que a moralidade é beneficiosa en canto que percura neutralizar as tendencias naturais do home.

Agora ben, aínda cando estas versións están dacordo en que a moralidade ten un problema fundamental que resolver: a limitación de simpatías, que da lugar á competitividade, e, polo tanto, ao conflito, o desenvolvemento dos seus esquemas é diferente. Tanto Hobbes coma Hume falan de “leis da natureza” cuía observancia conducirá á paz e máis á cooperación. Logo estes autores están a falar de regras. Eiquí é onde reside unha diferenza importante respecto a Warnock, posto que, como temos indicado, éste non admite que a moralidade se reduza a un sistema de *reglas*, senón que temos de sopesar *razóns*.

Tras desta breve e resumida exposición do pensamento de Warnock, quiséramos sinalar de *seguido* algúns dos puntos que coidamos máis discutíbeis na súa doutrina.

Ante os aspectos máis obxectábeis salienta o manter a existencia dun “ponto de vista moral” estábel a traveso dos cambios, situándoo nun marco de intemporalidade, nun intento de evitar o relativismo. Pro como lle critica Mugerza:

“E dende logo non está craro que “o punto de vista moral” sexa menos problemático co relativismo que pretende superar, nen tampouco máis fácil de fixar que “a” linguaxe da moral ou “a” moralidade aos que ven sustituir ou apuntalar” (11).

9. Warnock, *op. cit.*, páx. 166.

10. Estes antecedentes son estudados por J.L. Mackie na súa obra *Ethics*, London, Penguin, 1977. O pensamento de Hobbes está recolleito no *Leviathan*, fundamentalmente nos capítulos 13—17. O de Hume atópase no *Tratado de la Naturaleza Humana*, no libro *De la Moral*.

11. J. Mugerza, *La razón sin esperanza*, Madrid, Taurus, 1977, páx. 234.

Esto conleva que o noso autor non teña en conta que a moralidade está determinada polas coordenadas sociais e históricas en que nos movemos. Daí que sexa errónea a súa obxeción as teorías de Nietzsche, Marx y Freud, pois estes autores sí tiveron en conta a situación histórica e puxeron en cuestión a moralidade vixente en dita situación; non cuestionando, en cambio, a moralidade en xeral.

Outro dos aspectos criticábeis é a súa noción de condición humán, da que está a depender o obxecto da moralidade. A súa visión da condición humán é semellante á formulada por Hobbes, posto que hai unha tendencia natural a que as cousas vaian mal, dado que os seres humanos atopámonos limitados. A condición humán parece pois determinada por un factor de tipo interno; por isto é polo que na solución que él da, dos catro desiderata que propón o máis importante sexa o logro de “boas disposicións”:

“Se han de levarse a cabo de feito, algunhas daquelas cousas que se poden realizar a fin de lograr a millora da condición humán, entón non soio se debe facer que a xente faga cousas que non están dispostas naturalmente a faceren; deben tamén algunhas veces voluntariamente, sen coacción, actuar de xeito distinto a como a xente se sente naturalmente disposta a actuar. É necesario que a xente adquiera e trate de se asegurar de que os demais adquieran, o que podería denominarse “boas disposicións” (12).

O que se persigue na filosofía de Warnock é que a xente non se deixe levar polas súas inclinacións naturais, lográndose isto mediante a adquisición dunhas virtudes morais. Mais o que eiquí nos plantexamos é ¿en qué se basea Warnock para afirmar que se as cousas van mal é debido ás inclinacións naturais dos homes? . Warnock vencella excesivamente o obxecto da moralidade a individuos: para él, unicamente conseguiremos que as cousas vaian mellor ou non tan mal, non modificando as condicións externas ou cuestionándonos a sociedade e as súas institucións, senón trocando as disposicións naturais dos individuos por outras mellores. Pro aínda admetindo que isto fose e así, tampouco nos dí como se poden adquirir esas disposicións, nen fai alusión a sistemas nen a institucións que poidesen posibilitar dita adquisición. O obxecto da moralidade é contribuir á millora da condición humán; agora ben, preguntámonos se esa millora debe afectar sómente a individuos ou, pola contra, debemos ter en conta que o home é un ser social e que todas as actividades súas, e por suposto a moralidade, están condicionadas pola sociedade.

Se a moralidade ten un fin tan importante como o que Warnock lle asigna, e aínda considerando importantes os principios por él propostos, debería tamén valorar

12. Warnock, *op. cit.*, páx. 73-74.

a necesidade dunhas institucións e incluso un Estado que fomentase a cooperación e máis contribuíse a que as cousas fosen millor.

En definitiva, a posición do noso autor é bastante pesimista respecto a posibilidade de acadar tal millora dado que a conciencia moral non goberna o mundo, un mundo onde a razón non se cultiva e no que non nos queda máis opción co apelar a un sentimento de non—indiferencia cara aos demais, o percurar ser menos limitados e preocuparnos un pouco máis polos nosos semellantes.

Por todo elo, cabería preguntarse se a súa concepción da condición humán é parte da definición de moralidade que ofrece ou se, pola contra, é discutíbel a descripción que dela nos da, xa que se optamos por esta segunda alternativa coidamos acertada a matización de Narveson de que:

“O nietzscheano a que Warnock clasifica como negador da moralidade podería dicir que el simplemente ten unha opinión diferente da condición humán, que é a tendencia cara a excesiva *simpatía*, que necesita ser contrarrestada; e realmente, ¿non afirmaría Nietzsche que él estaba propugnando unha moralidade “superior”? ”(13).

Denantes temos aludido ós antecedentes históricos da descripción de Warnock da condición humán mais debemos sinalar que, a pesares das súas críticas ao utilitarismo, en certo xeito tamén insertase nesta tradición dende o intre que afirma que se necesitan uns principios que promovan o obxecto da moralidade. É máis, pódese considerar un utilitarista na súa forma negativa, posto que, como di Mill, “nefeuto, a utilidade non soio inclúe a búsqueda da felicidade senón tamén a prevención ou mitigación da desgracia” (14). Warnock opta por unha concepción da moralidade que contrarreste uns determinados males, opoñéndose a un sistema de regras cuio obxectivo é maximizar a felicidade, pro non por elo sáise desta tradición.

A xeito de conclusión, entraremos na valoración xeral da obra de Warnock. En primeiro lugar, consideramos de grande importancia polo que supuxo prao desenvolvemento da filosofía moral anglosaxona, a súa revisión crítica da “Análise da linguaxe moral”, ao abrir novas perspectivas e máis replantexar problemas que se consideraban xa zanzados, e dicir, devolver á vida á filosofía moral confinada no terreo da neutralidade e a formalidade. É neste senso no que o pensamento de Warnock pódese considerar positivo. O que xa é máis susceptíbel de crítica é a formulación ética concreta que el mantén, a súa concepción da moralidade. En última

13. Narveson, J., “Critical Notice: The Object of Morality” *Mind*, April, 1972, pág. 292.

14. Mill, J.S., *Utilitarismo*, Buenos Aires, Aguilar, 1974, pág. 37.

instancia, seméllaxe desprender da súa obra que, fronte á análise da linguaxe moral, a única fundamentación posíbel da filosofía moral sexa unha reformulación das teses utilitaristas, o cal non deixa de ser unha posición dabondo cuestionábel (15).

15. Neste senso queremos sinalar que a obra de J. Rawls *A Theory of Justice*, 1971 (vers cast. *Teoría de la justicia*, Madrid, F.C.E., 1979), é de grande interés por canto se plantexa como alternativa á concepción utilitarista unha teoría de corte kantiano.